

Valoro a miña participación no reto

	Foime xenial porque...	Fixeno ben porque...	Custoume un pouco porque...	Debo mellorar porque...
Na comprensión do REA	Entendín todos os pasos para conseguir o reto final e o seu propósito. (2)	Souben o que tiña que facer no reto aínda que non entendín o seu propósito. (1.5)	Necesitei axuda para entender o reto e os pasos para acadalo. (1)	Aínda que solicitei axuda, non entendín as partes do reto. (0.5)
No traballo individual	Realicei as actividades individuais que correspondían e remateinas sen erros. Esforceime para realízalas sen axuda. Colaborei coas miñas compañeiras e compañeiros. (2)	Realicei as actividades individuais que correspondían, tiven éxito e fíxenas correctamente. Esforceime para acabalas sen axuda e entregueinas todas e a tempo. (1.5)	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían, para algunhas necesitei axuda. Entregueinas nos tempos marcados. Máis da metade tiveron puntuacións correctas. (1)	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían. Ademais, a pesares de ter axuda, os resultados deberían ser mellores. (0.5)
Nas sesións de primeiros auxilios	Participei activamente e esforceime para solventar con éxito as situacións propostas. Axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. (2)	Participei activamente e esforceime para solventar as diferentes situacións con éxito. (1.5)	Participei nas situacións a solventar, pero non me esforcei o necesario e nalgúnhas non seguí os pasos correctos. Debería implicarme máis. (1)	A pesar de participar nalgúnhas situacións propostas, frustreime moito e non souben ou intentei afrontalas. Debería esforzarme moito máis. (0.5)
Nas sesións de educación viaria	Participei activamente e esforceime na construción do circuito. Axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. (2)	Participei activamente e esforceime na construción do circuito con éxito. (1.5)	Participei na construción do circuito, pero non me esforcei o necesario en desenvolver a parte que me correspondía. Debería implicarme máis. (1)	A pesar de participar na construción do circuito, frustreime moito e non souben reconducir a miña actitude. Debería esforzarme moito máis. (0.5)
Na superación do reto	Traballei co meu equipo para superar o reto, tamén axudei a outros equipos. (2)	Colaborei na consecución do reto. (1.5)	A miña participación para superar o reto foi baixa, os meus compañeiros e compañeiras tiveron que axudarme moito. (1)	Non participei na preparación do reto, deixei que as miñas compañeiras e compañeiros fixeran todo o traballo. (0.5)

